



ANUNCIO

Creación e composición das Comisións Informativas e da Comisión Especial de Contas

O Pleno do Concello de Vimianzo, en sesión do 12 de xullo de 2023, adoptou o seguinte ACORDO:

“6º. Proposta de acordo sobre a creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas

(...)

PRIMEIRO.- Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente:

- 1.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS. Funcionará como comisión informativa permanente de contas, facenda e orzamentos.
- 2.- COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL
- 3.- COMISION DE OBRAS E URBANISMO
- 4.- COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS
- 5.- COMISION DE DEPORTES
- 6.- COMISION DE CULTURA

SEGUNDO.- As comisións estarán integradas por sete membros, incluída a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. alcaldesa ou concelleira/o en quen delegue, en proporción á representación dos grupos políticos no Pleno, da forma seguinte:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: 5 membros.
Grupo Municipal BNG: 1 membro.
Grupo Municipal do PP: 1 membro.

TERCEIRO.- As atribucións das comisións informativas permanentes son as seguintes:

- O estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno.
- O estudo, informe e consulta dos asuntos que a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local voluntariamente lle requiran como trámite previo á adopción de calquera acordo.
- Efectuar funcións de seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local ou dos concelleiros delegados, nos ámbitos funcionais ou materiais propios de cada comisión informativa, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno.

CUARTO.- As comisións informativas permanentes celebrarán sesións ordinarias os venres anteriores á celebración da sesión plenaria de carácter ordinario, e sesión extraordinaria nos supostos previstos no artigo 134.1 do ROF.

As sesións celebraránse na sala de sesións da casa do Concello.



QUINTO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no taboleiro de anuncios desta entidade.

SEXTO.- Notificar o presente acordo ás/os voceiras/os dos grupos políticos municipais, outorgándolle un prazo de **cinco días hábiles** para designar aos seus representantes (titular e suplente) nas citadas comisións informativas.”

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)